

A SECCIÓN QUE NON EXISTE

AMANCIO O.

Amancio Ortega rascando os collóns sentado no sofá dunha das súas casas partíndose o cu ao vernos desfalecer.

Somos o mellor recuncho deste recuncho do mundo. Somos os únicos capaces de xuntar en dez segundos unha expresión como “zapatos de esmagar caracois” e mais os acordos do *Search & Destroy*. Fixemos unha lingua (lingua é pracer) entre todas e todos e pensamos que a esnaquizamos, mais ela debe estar zapateada no seu sofá, rascando o bandullo, partíndose o cu das nosas liortas de merda. A lingua non morrerá, mais nós si que morreremos.

Bailamos como o cu. Unha das consignas empregadas pola xente do Congo, que foran colonizados por Bélxica, dicía:

Non somos os escravos do diñeiro. Somos os amos da danza.

Bailamos mirando cara abaixo? Cara arriba? Bailamos? Bailas?

Amancio Ortega rascando as pelotas cunha espumadeira da que usa a avoa para servir a raia da caldeirada e partíndose o cu ao ver a milleiros de galegas e galegos coa súa roupa. Consumimos sen mimo e sen tacto. Somos uns papahostias.

Tiña unha moza. Quixo ir de Erasmus. Hostia, non te vaias. Ti tranquilo, que só quero estar contigo. Bueno, lo, bueno, vaite. E foi. E aos dous meses, hostia, necesito un tempo para pensar, necesito tempo, che. E xa pensei, ui, esta quere dar-me por saco. Cando viu por Nadal fun até Lavacolla. E hostia, non me dis nada? Que queres que che diga? Non sei, dáme un bico. Bueno, lo, bueno, doucho. Hostia, a que me sabes? Sabes a salmón? Hostia, a tipa liárase cun noruego. Sabía a salmón. Pero aquí somos de ría. Aquí somos de mexillón, non somos de salmón.

Metede as gaiolas de salmón no cu e que vaian río arriba.

Evasión e gaiolas de salmón.

Amancio Ortega vomitándose por riba no seu cuarto mentres se parte o cu de todos nós. Nós mercámoslle todas as cagadas que vende, mais el tamén ha morrer. Coma todos nós. Pero nós, nós somos os amos da danza. O importante é non esquecerlo.

Somos a xeración perdida.

Acabades de encontrarnos.

Samuel L. Paris